

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

**A/A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO  
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA

1

*Á espera de que Medio Rural remita a documentación complementaria que se comprometeu a entregar ás OOSS nas xuntanzas do pasado 23 de abril e 7 de maio, a CSIF presenta as súas alegacións á proposta de modificación da RPT de Medio Rural, que teñen carácter provsional ate o estudo da nova docmumentación que se reciba.*

### **ALEGACIÓNS XENÉRICAS.**

#### **I.1 CAMBIOS DERIVADOS DE MODIFICACIÓNS NORMATIVAS.**

Respecto das modificacións que veñen imperativamente impostas pola Norma, isto é as amortizacións por carecer de dotación orzamentaria e pola adecuación da RPT a nova estrutura da Consellería implementada con ocasión dos Decretos 166/2015, do 13 de novembro e 177/2016 do 15 de decembro, esta organización sindical manifesta que:

En primeiro lugar compre salientar a ausencia dunha memoria económica que permita fundamentar dun xeito adecuado os cambios entre amortizacións e creacións que se fan nesta RPT.

Non obstante dos cadros achegados pode observarse como unha vez máis a administración galega segue a amortizar prazas de RPT (prazas base, prazas de acceso ao emprego público) para financiar postos de estrutura. E neste senso atopara sempre a oposición desta Central Sindical. E isto agravado na presente RPT dado que non soamente se están a financiar prazas de estrutura, senón tamén prazas directivas nas Axencias de

**CSIF Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

nova creación como a Axencia Galega da Calidade Agroalimentaria ou a Axencia Galega da Industria Forestal.

2

Ao marxe de todos estes postos creados en virtude de Estatutos de Axencia ou Decreto de Estrutura, a creación de emprego público nesta RPT límitase aos escasos dos postos de Secretario de Alto Cargo e unha xefatura de Servizo (os tres de cobertura mediante LD, dito sexa de paso), polo que dificilmente pode defenderse como noutras Consellerías que, a lo menos, as amortizacións implican creación de emprego público de maior calidade.

### I.2 COBERTURA DE SERVIZOS POR LIBRE DESIGNACIÓN

Unha vez mais, estímase que a excepción estase a converter en regra xeral. Parécenos excesivo o mantemento de mais de 20 servizos polo sistema de LD (dun total de 38, o que excede o 50% do total). Estase a desvirtuar dun modo claro o mandato imposto pola LEPG no que claramente establece que a regra xeral debe ser o Concurso. Neste sentido e de modo máis concreto entendemos que en ningún caso cumpren os criterios excepcionais de cobertura mediante LD, o Servizo de Réxime Interior (que debe depender dunha Subdirección Xeral), os Servizos provinciais de Gandería ou a Xefatura de Servizo de Coordinación.

### I.3 ÁREAS FUNCIONAIS.

Dende a **CSIF** xa nos manifestamos en contra do encadramento dos postos nunha determinada área funcional xa que limitan a mobilidade tanto xeográfica como funcional do persoal da administración pública galega, polo que voltamos a solicitar con carácter xeral a eliminación do encadramento das prazas en Áreas Funcionais.

A maior abastamento desta alegación xeral, obsérvanse determinadas prazas que aínda cumprindo as directrices da dirección xeral da Función Pública non estarían ben

**CSIF Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 📠 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) 🌐 [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

encadradas dentro da Áreas establecidas, o que se relacionará no apartado de alegacións específicas.

3

### I.4 PERSOAL DE OUTRAS ADMINISTRACIÓN E A PERSOAL ESTATUTARIO.

Aínda que a porcentaxe de postos abertos a outras Administracións poida atoparse dentro dos límites esixibles pola norma, dende **CSIF** consideramos inaceptable que a práctica **TOTALIDADE** dos postos que se abran a outra administracións sexan postos de cobertura mediante LD.

Se un dos fins da apertura postos é que funcionarios destinados fora de Galicia poidan participar en procesos de provisión convocados na administración galega para regresar a Galicia, **resulta intolerable que eses procesos sexan case que exclusivamente mediante postos de Libre Designación**, vedando a posibilidade de que a maioría de funcionarios que desexen regresar non podan facelo mediante concurso ordinario.

Neste sentido, pode considerarse unha boa iniciativa o feito de aperturar 3 prazas (as tres relacionadas no apartado B.5.5. da Memoria Xustificativa), pero se antolla unha medida moi escasa. Nese sentido e respectando sempre o principio de reciprocidade, este sindicato propón **a apertura de postos non cubertos nos últimos concursos e con dificultade para a súa cobertura** (unha medida coa que ademais se poderían evitar as sucesivas amortizacións)

### I.5. MODIFICACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DEPENDENTES DOS SERVIZOS DE INDUSTRIAS E CALIDADE ALIMENTARIA QUE REALIZAN TAREFAS DE CONTROL DA CALIDADE ALIMENTARIA.

Para a consecución da eficacia na prestación do servizo de control da calidade alimentaria no ámbito da Consellería do Medio Rural e da eficiencia na utilización dos recursos económicos de que dispón, resulta necesario que se dote dos instrumentos básicos que

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

permitan a planificación eficiente das necesidades de recursos humanos nas Xefaturas Territoriais en base ás funcións que deben desenvolver.

4

Nesta liña, o artigo 45 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que a planificación dos recursos humanos no ámbito do emprego público ten como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles, mediante a determinación dos efectivos precisos e a mellora da súa distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Na Comunidade Autónoma de Galicia as unidades de control de calidade alimentaria a nivel periférico están integradas nas Xefaturas Territoriais dentro dos servizos de Industrias e Calidade Agroalimentaria. Nestes servizos, a unidade de promoción e xestión de subvencións conta con dúas ou tres xefaturas de área (nivel 26) por provincia mentres que a unidade de control (inspección) non ten asignada ningunha. Os inspectores de calidade teñen xefaturas de sección con niveis 25.

Para dar cumprimento á Resolución do Parlamento Europeo de data 14 de xaneiro do 2014, na que se pon de manifesto a necesidade de redobrar esforzos na loita contra a fraude alimentaria, é necesario dotar dunha estrutura aos servizos periféricos que conte cunha xefatura de área por unidade de inspección con funcións de coordinación e especializada en determinados ámbitos alimentarios.

Esta necesidade, reivindicada desde fai moito tempo por nós, xustifícase polo prolixo paquete normativo que acotío debemos manexar e pola necesidade dunha maior especialización na divulgación normativa e no desenvolvemento de estratexias de control cada vez máis especializadas.

A cada unha destas áreas, ademais da colaboración cos xefes de servizo na coordinación das respectivas unidades de inspección, tamén lle correspondería a imprescindible especialización por sectores alimentarios.

**CSI-F Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

A este respecto, **CSIF** propón como solucións alternativas:

- a) Reconversión dun dos niveis 25 existentes nun nivel 26, con competencias diferenciadas e especialización nos sectores que se decida, ou
- b) Modificación da estrutura orgánica do servizo pasando unha xefatura de área (nivel 26) da unidade de promoción á unidade de control.

5

Non é dende ningún punto de vista coherente nin operativo, se perseguimos a excelencia, a eficacia e a eficiencia, que a unidade que realiza as tarefas que requiren un maior esforzo de formación e posta ao día e na que se padece maior penosidade, non teña, cando menos, unha estrutura equivalente á outra unidade do servizo.

Serva tamén como exemplo que acredita o agravio comparativo que sofre este persoal, respecto a outras unidades de inspección pertencentes á Consellería do Medio Rural, a organización que ten o departamento de inspección de sanidade vexetal, integrado no servizo provincial de Explotacións Agrarias e dotado cunha xefatura de área por provincia.

Como consecuencia desta deficiente estrutura organizativa que imposibilita a promoción profesional na inspección de fraudes, do elevado nivel de esixencia formativo e do desenvolvemento de actividades penosas non relacionadas coas propias da inspección, (tales como a toma de mostras e o seu transporte en relación ao programa de posta a punto do banco de datos isotópicos de variedades de uva ou a xestión e limpeza do almacén de mostras, ademais das inherentes á actividade inspectora), varios inspectores de calidade con moitos anos de experiencia, cualidade imprescindible para poder prestar un servizo eficiente, abandonaron a inspección de calidade na busca de prazas de xefatura de área noutros departamentos,

Estes feitos provocaron, como é obvio, o empeoramento do traballo desenvolvido pola inspección de calidade, xa que para substituír a estes compañeiros houbo que ofertar as

**CSIF Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

súas prazas en comisión de servizos a profesionais sen experiencia nin formación específica.

6

### I.6. EQUIPARACIÓN DE NIVEIS NAS OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS.

Na actual estrutura das Oficinas Agrarias Comarcais, tódalas oficinas están a depender dunha Xefatura de Área (ou ben de Servizos Agrarios ou ben Veterinaria, ambas de nivel 26). Non obstante dentro de cada oficina os postos dependentes da Xefatura Veterinaria ten todos acadado o nivel 24. Pola contra nos postos dependentes da Xefatura de Servizos Agrarios, existe unha inxustificada diferenciación entre as chamadas Xefaturas de Sección (Nivel 25) e as denominadas Xefaturas de sección C (Nivel 22).

Ámbalas dúas seccións pasan a ser cubertas por Enxeñeiros Agrónomos ou Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, do Grupo A (Subgrupo A1 ou A2) ao igual que as seccións de Nivel 25. A maior abastamento, as funcións, traballos e responsabilidades a desenvolver por os dous tipos de sección son similares.

A única diferenciación que pode existir e que no seu orixe as prazas Sección C viñan de crearse para os Axentes de Economía Doméstica (xa desaparecidos), sendo así que neste momento todas esas prazas están ocupadas por Técnico Agrarios.

Fundamentándose por tanto a diferenciación nun anacronismo, solicítase que que tódalas seccións de Oficinas Agrarias Comarcais ostenten nivel 25.

Resulta necesario traer a colación que o Tribunal de Xustiza de Galicia xa ditou diversas Sentencia sobre a improcedencia de manter un nivel de Complementos de Destino y Especifico do 22, fallando a favor dos demandantes no sentido de que se lles recoñeza o nivel 25 de Complemento de Destino e a contía do complemento Especifico que corresponda a postos cualificados con dito nivel.

**CSI-F Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 📠 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) 🌐 [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

7

### I.7 REFORZO DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO.

Tendo en conta que a carga de traballo da referida subdirección, sobre todo no que atinxe na parcela de expedientes sancionadores, por mor das últimas modificacións na políticas de prevención e defensa contra os incendios forestais, e tendo en conta tamén as dificultades para asumir a implantación dos novos sistemas de notificacións co cadro de persoal actual, solicítase

- a) A creación o traslado a dito centro xestor de dous postos de Auxiliar Administrativo (Posto Base nivel 12, Grupo C2) dependentes do servizo técnico xurídico.
- b) Modificar dous dos catro postos Base dependentes directamente da secretaría xeral Técnica, transformándoos en seccións xurídicas (Nivel 25, Subgrupo A1/A2, requisito 2062, ou subsidiariamente en Seccións de Apoio Xeral (Nivel 22, Subgrupos A1/A2/C1)

### I.8 XEFATURAS DE ÁREAS XURÍDICAS NIVEL 26

Dende **CSIF** xa nos temos pronunciado en contra da creación inxustificada de Xefaturas de Área de Nivel 26, ao supor unha discriminación respecto das Seccións Xurídicas que desenvolven o mesmo traballo. Non estamos dispostos a ceder as presións de certos “lobbys” que representan tan so a unha pequena parte dos empregados públicos, participando en melloras de carreira profesional limitadas e dirixidas a soamente certas “elites funcionariais”

### I.9 PRAZAS DA TRANSITORIA DÉCIMA DEL V CONVENIO

Dez anos despois da aprobación da disposición transitoria novena bis do IV Convenio Colectivo (actual décima), que CSIF rexeitou por discriminar a unha gran parte del colectivo de indefinidos non fixos, é aínda máis nítida a **obriga de ampliar o número de prazas afectadas pola consolidación**, reflectindo dita afectación nas correspondentes RPTs.

**CSIF Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 📠 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) 🌐 [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

Cabe lembrar que neste proceso estableceuse de forma oficiosa un requisito non publicado en ningunha norma; para que unha praza sexa considerada de consolidación é necesario que, ademais da pertinente antigüidade, a data de sentenza de primeira instancia sexa anterior a setembro de 2007.

8

Como todos os afectados coñecen, **CSIF non recoñeceu nunca o valor xurídico de dita data de corte**, e mantivemos ao longo de todos estes anos que **debían estar en el ámbito de aplicación de la “transitoria décima” todas aquelas prazas que cumpriran o requisito de antigüidade.**

De este xeito, alá polo ano 2013, nas negociacións da última RPT da Consellería do Medio Rural, xa advertimos que a **antigüidade**, na creación de novas prazas por sentencias de indefinición, era o **condicionante indispensable e imprescindible** para identificar aquelas prazas que cumprían os requisitos y, en consecuencia, tiñan os dereitos recoñecidos legal e convencionalmente no EBEP, na TRLFPG en vigor naquel momento, na DTª10 del V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia así como no artigo 7 da lei 1/2012.

En consecuencia, no ano 2013 solicitamos que todas aquelas prazas que cumprían có marco legal e convencional referido se incluíran nos procesos extraordinarios de consolidación de emprego establecidos ao efecto e, en consecuencia, que na proposta de RPT (no apartado de observacións) se recollera esta circunstancia.

A solicitude formulada pola **CSIF** no 2013 sustentaba a súa xustificación e razoamento xurídico en que **as datas de sentenza non son un criterio o condicionante para a reserva, ou non reserva, destras prazas para os referidos procesos extraordinarios**, y alertamos de que **la supeditación de tal inclusión á data de sentenza de 17-09-2007 non obedece a ningún criterio legal válido** en tanto en cuanto non está publicada en ningunha norma de rango legal o convencional.

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)



## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

Con todo elo, dende a **CSIF** pretendiamos que a creación das prazas se levara a cabo dende o máis estrito respecto pola legalidade, a fin de **evitar múltiples recursos xudiciais**.

9

Lamentablemente as nosas alegacións non foron atendidas, e **actualmente son numerosas as SENTENCIAS FIRMES que recoñecen o dereito a formar parte da consolidación establecida na “transitoria décima” a traballadores indefinidos con data de sentenza posterior a setembro de 2007**, debéndose reflexar en RPT dita condición, es dicir, debe incorporarse no apartado de observacións a referencia “DISPOSICIÓN TRANSITORIA 10ª DO V CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA”, facendo a súa vez mención a o seu encadre na primeira ou segunda parte de ditos procesos en función a antigüidade.

En base a lo exposto, no presente documento se sinalan diversas prazas afectadas por esta situación.

### 1.10 PERSOAL INDEFINIDO NON FIXO ADSCRITO A POSTOS DE RPT

Novamentemente temos que dicir que a antigüidade recoñecida aos traballadores nas sentencias de indefinición é un condicionante imprescindible para o seu encadre dentro dos diferentes procesos de consolidación ou estabilización.

Por elo, solicitamos que se adjunten e remitan, xunto ao anexo identificativo das referidas prazas, a data de **antigüidade** dos traballadores derivada das sentencias de indefinición.

Asemade, dende a CSIF **rexeitamos a adscripción de traballadores laborais indefinidos non fixos a postos de funcionario**. Dende que a administración galega iniciou dita práctica alá polo ano 2010, a **CSIF sempre se manifestou en contra** por considerar que a Xunta o fai para **dificultar o acceso de dito persoal aos procesos de consolidación**, buscando o seu cese a través de diferentes convocatorias de concursos de traslados de personal funcionario.

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

### I.11 PRAZAS AFECTADAS POLOS ACORDOS DE ESTABILIZACIÓN

10

Nas diferentes RPTs da Xunta de Galicia deben quedar perfectamente identificadas as prazas afectadas polos diversos acordos de Mellora do Emprego Público e de Estabilización asinados pola CSIF có goberno de España e coa Xunta de Galicia. Isto é:

- *ACUERDO PARA LA MEJORA DEL EMPLEO PÚBLICO* del 27 de marzo de 2017
- *ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS OOSS SINDICAIS CSIF, CCOO E UXT, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN DE ESTABILIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS* do 15 de xaneiro de 2018
- *II ACUERDO PARA LA MEJORA DEL EMPLEO PÚBLICO Y LAS CONDICIONES DE TRABAJO* del 27 de marzo de 2017

Ditas prazas (tódalas elas) deberan incorporar a lenda “**Praza afectada por Acordos de Estabilización 2018-2021**” ou equivalente.

Tendo en conta que en ditos acordos se establece unha subcategorización das prazas afectadas, con importantes efectos xurídicos segundo a subcategoría na que se atope a praza, esta circunstancia debe igualmente figurar na correspondente RPT. E así:

- A) Praza afectada por Acordos de Estabilización 2018-2021 ou equivalente. Ocupada por Persoal Indefinido Non Fixo. (de ser o caso, tamén debe reflectirse a súa afectación pola DTª décima do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia)*
- B) Praza afectada por Acordos de Estabilización 2018-2021 ou equivalente. Ocupada por persoal temporal ou interino con anterioridade a 01.01.05. Prazas afectadas polo artigo 7 da lei 1/2012 e pola Disposición Transitoria décimo cuarta do TRLFPG.*
- C) Praza afectada por Acordos de Estabilización 2018-2021. Ocupada interina ou temporalmente dende 31.12.13 a 31.12.16*

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

D) Praza afectada por Acordos de Estabilización 2018-2021. Ocupada interina ou temporalmente dende 31.12.14 a 31.12.17

11

### I.12 SERVICIO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

#### a. PLUS DE NOCTURNIDADE

Novamente esiximos que no apartado de observacións se incorpore o código correspondente ao **COMPLEMENTO DE NOCTURNIDADE**. Esta petición xa a fixemos no ano 2009 e no ano 2013, anos nos que se aprobaron as últimas RPTs.

#### b. RECUPERACIÓN E CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

No ano 2012, có fin das contratacións por “obra ou servizo” do Pladiga e a súa conversión en prazas estruturais fixas descontinuas, a **Consellería fixo “desaparecer” mais de 300 postos de traballo** de dito reforzo. En concreto 302 repartidas do seguinte xeito:

	Contratación directa 2011	FD CAMPAÑA ALTO RISCO 2018	DIFERENCIA
Técnico superior	14	1	-13
Técnico forestal	14	0	-14
Técnico HELT	6	5	-1
Bombeiro Forestal XB HELT	3	2	-1
Bombeiro Forestal Conductor HELT	3	2	-1
Bombeiro Forestal HELT	17	16	-1
Bombeiro Forestal Motobombista	358	262	-96
Oficial mecánico	5	0	-5
Emisorista	119	69	-50
Operador codificador	23	6	-17
Vixilante	176	73	-103
<b>TOTAIS</b>	<b>738</b>	<b>436</b>	<b>-302</b>

Fonte: Elaboración propia.

Datos recollidos da web da Consellería do Medio Rural. Pladiga 2011 e 2018

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

12

Como pode observarse, en algunha das categorías a redución de postos de traballo chegou ao 60% como no caso dos Vixilantes Fixos, que soportaron unha redución brutal de prazas, pasando de 176 contratacións no ano 2011 a unicamente 73 postos no ano 2012, situación que se mantén na actualidade e que lastra gravemente a eficacia do servizo.

### **CSIF solicita a creación de todas as prazas eliminadas no ano 2012.**

#### **c. PRAZAS DE OFICIAIS DE INCENDIOS**

CSIF rexeita a amortización destes postos de traballo. Asemade debe garantirse a incorporación a ditos postos de excedentes voluntarios por incompatibilidade. A amortización destes postos ao quedar vacantes impide a incorporación daqueles traballadores que aprobaron o proceso e deixaron a praza en excedencia por incompatibilidade, máxime cando estamos a espera de resolucións xudiciais.

#### **d. RECLASIFICACIÓN DE CATEGORÍAS**

Solicitamos a **apertura dunha mesa específica para abordar a reclasificación de todas as categorías do SPIF**, incluíndo loxicamente as de emisorista e bombeiro forestal condutor. **CSIF** entende que **TODAS** as categorías do SPIF desenrolan funcións que conlevan unha responsabilidade que vai máis alá dos grupos nas que actualmente están encadradas.

#### **e. COMPLEMENTO DE RESPONSABILIDADE**

Consideramos ridículo o incremento do complemento de responsabilidade dos Bombeiros Forestais Condutores en 16,68 euros levada a cabo na RPT de 2013 en virtude do Acordo do Consello da Xunta do 17 de decembro de 2009, e solicitamos

**CSIF Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

un incremento superior e igual ao que en ese mesmo acordo se recoñece a outros grupos ou categorías de empregados públicos en atención as tarefas de conducción.

13

Asemade, dende a **CSIF** consideramos que, de non atender as demandas de reclasificación de todas as categorías, debe **revisarse ao alza o complemento de responsabilidade asignado a cada unha das categorías profesionais do SPIF nunha contía como mínimo equivalente a diferenza no salario base co grupo profesional inmediatamente superior.**

No caso dos Bombeiros Forestais **Xefes de Cuadrilla**, responsables directos dos medios materiais e humanos nas tarefas de prevención e extinción, e con funcións de Director Técnico de Extinción segundo o Pladiga, dito incremento do complemento de responsabilidade calcularase en referencia a diferenza no salario base respecto ás categorías **1 a 59 do grupo III do persoal laboral.**

### f. PRAZAS FIXAS DESCONTINUAS. AMPLIACIÓN PERIODO ACTIVIDADE

A Xunta de Galicia fixo unha **proposta de ampliación do período de actividade** para o persoal adscrito a prazas catalogadas de “**APOIO CAMPAÑA DE VERÁN ALTO RISCO**” na que propón a ampliación do seu período de actividade de forma progresiva a 6 meses (dende os 4 actuais), a razón de un incremento de un mes ao ano no período 2018-2020.

**CSIF** xa manifestou o seu desacordo cunha proposta que consideramos **INSUFICIENTE** e **INCOMPLETA** xa que, se ben supón unha pequena mellora respecto á situación actual, **o obxectivo debe ser que TODOS os postos de traballo do SPDCIF sexan de 12 meses.**

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 📠 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) 🌐 [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

A proposta da Xunta “**esquece**” a máis de 600 traballadores descontinuos de 9 meses, polo que dende a **CSIF** defendemos que debe abordarse unha ampliación do tempo de actividade moito máis ambiciosa e que abrangue a todo o persoal descontinuo, tanto o que ocupa prazas de 9 meses como o que ocupa prazas catalogadas de “alto risco”. En concreto, dende a **CSIF** propoñemos, para o seu desenrolo no período 2019-2020, as seguintes medidas, co seu correspondente reflexo na RPT:

- **Ampliación inicial a 9 meses** do período de actividade dos actuais postos fixos descontinuos catalogados de “apoiado á campaña de verán alto risco”, para a súa ampliación posterior a 12 meses.
- Un único período de actividade mentres non sexan de 12 meses.
- **Ampliación a 12 meses dos postos fixos descontinuos de 9 meses**

En todo caso, e a espera do resultado das negociacións, é obrigada a retirada da RPT da observación “*APOIO CAMPAÑA DE VERÁN ALTO RISCO*”, dado que os traballadores adscritos a ditas prazas veñen de traballar períodos fora do período de alto risco.

### g. CREACIÓN DE NOVAS PRAZAS DE BOMBEIROS FORESTAIS NO SPIF

Novamente reclamamos que todas as prazas deber ser de todo o ano, e non ter un período de prestación limitado a 4, 5 ou 6 meses. Polo tanto, esiximos para estas prazas a aplicación das medidas contidas no apartado anterior.

### h. AMORTIZACIÓN DE PRAZAS

Sorprendentemente observamos a intención da Consellería de Medio Rural de amortizar prazas correspondentes á categoría de Bombeiro Forestal. Á espera de aclaración por escrito ao respecto (pedida por CSIF á Consellería), consideramos un

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

disparate ditas amortizacións, que poden afectar gravemente á composición das cuadrillas do SPIF.

15

En todo caso, dende a **CSIF** solicitamos a **retirada destas amortizacións**.

### I.13 INCLUSIÓN EN RPT DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS GAÑADOS POR SENTENCIA

Unha vez máis, temos que reclamar que a RPT recolla os pluses recoñecidos aos traballadores por sentencias xudiciais. A pesares de que xa se están a pagar, a Xunta se resiste a incluílos nas RPT para obrigar aos futuros ocupantes de ditas prazas a denunciar novamente nos xulgados e aforrar catro patacóns.

### I.14 PRAZAS QUE INCOMPRESIBLEMENTE SE VETAN A VETERINARIOS

Na proposta exclúese aos veterinarios, entre outros profesionais, do acceso a prazas onde na vixente RPT si o tiñan. Non se entende este cambio de criterio, absurdo, sen ningunha xustificación, en favor de outras carreiras que, sen por suposto ningunealas ou minusvaloralas, non poden excluír as demais. Os Veterinarios teñen a mesma capacidade que calquera para exercer funcións de xefatura en temas interprofesionais e nestes casos ben ligados á actividade cotidiá.

### SX DE INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMENTARIA

#### -XEFATURA DE SERVIZO DE INDUSTRIALIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

MR.C04.00.003.15770.010	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIALIZ. E COMERCIALIZACIÓN	28	16.303,14	CE	A1-A2	EME4/ESE2	A11	640
MR.301.00.004.15770.010				LD		XERAL/ESPECIAL		

#### - XEFATURA DE SERVIZO CONTROL DA CALIDADE ALIMENTARIA

MR.C04.00.003.15770.060	XEFATURA SERVIZO CONTROL DA CALIDADE ALIMENTARIA	28	16.303,14	CE	A1-A2	EME4/ESE2	A11	640
MR.301.00.004.15770.060				LD		XERAL/ESPECIAL		

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

AS PRAZAS QUE A CONTINUACIÓN SE INDICAN DA MESMA SX PERO DE SERVICIOS PERIFERICOS:

16

### DE LUGO

- XEFATURA SERVIZO INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMENTARIA, N28, OCUPADA NA ACTUALIDADE POR UN VETERINARIO

MR.C99.10.601.27001.001	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMEN.	28	14.898,24	CE	A1-A2	EME4/ESE2	A11	640
.....	XEFATURA SERVIZO CTROL. CAL. AGROALIMENT. E INDUST				LD	XERAL/ESPECIAL		

-MR C991060127001004 , XEFATURA DE AREA

MR.C99.10.601.27001.004	XEFATURA ÁREA	26	13.442,80	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
.....						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	615

-MRC991060127001011,XEFATURA DE SECCIÓN DE INSPECCIÓN

MR.C99.10.601.27001.011	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
.....						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

### A CORUÑA

-MR C991060115001001, XEFATURA DE SERVIZO CONTROL CAL. AGROALIMENTARIA E INDUSTRIAS, N28

MR.C99.10.601.15001.001	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMEN.	28	14.898,24	CE	A1-A2	EME4/ESE2	A11	640
.....	XEFATURA SERVIZO CTROL. CAL. AGROALIMENT. E INDUST				LD	XERAL/ESPECIAL		

-MRC99 1060115001021, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN, N25

MR.C99.10.601.15001.021	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
.....						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

-MR C99 1060115001022, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN, N 25

MR.C99.10.601.15001.022	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
.....						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

NESTA PROVINCIA SINALAR QUE OUTRA XEFATURA DE SECCIÓN SIMILAR AS ANTERIORES SI PODE SER OCUPADA POR UN VETERINARIO. NON SE COMPRENDE QUE AS DUAS ANTERIORES NON PODAN SELO.

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)



## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

17

### OURENSE

-MR C991060132001001, XEFATURA SERVIZO CONTROL CAL. AGROALIMENTARIA E INDUSTRIAS, N28

MR.C99.10.601.32001.001	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMEN.	28	14.898,24	CE	A1-A2	EME4/ESE2	A11	640
. . . . .	XEFATURA SERVIZO CTROL. CAL. AGROALIMENT. E INDUST				LD	XERAL/ESPECIAL		

-MRC991060132001010, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN

MR.C99.10.601.32001.010	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
. . . . .						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

-MR C991060132021011, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN

MR.C99.10.601.32001.011	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
. . . . .						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

### PONTEVEDRA

-MRC991060136001001, XEFATURA SERVIZO CTROL. CAL AGROALIMENTARIA E INDUSTRIAS

MR.C99.10.601.36001.001	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMEN.	28	14.898,24	CE	A1-A2	EME4/ESE2	A11	640
. . . . .	XEFATURA SERVIZO CTROL. CAL. AGROALIMENT. E INDUST				LD	XERAL/ESPECIAL		

-MRC991060136001015, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN

MR.C99.10.601.36001.015	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME4/ESE2	AXG	
. . . . .						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

-MRC991060136001016, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN

MR.C99.10.601.36001.016	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME5/ESE2	AXG	
. . . . .						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

-MRC991060136001017, XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN

MR.C99.10.601.36001.017	XEFATURA SECCIÓN INSPECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2	EME6/ESE2	AXG	
. . . . .						ESPECIAL	2003-2036-2037-3003	617

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

18

Todas as funcións que exercen os funcionarios que ocupan estas prazas dependentes da **SXP DE INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMENTARIA** están dirixidas pola “*ley 2/2005 de 18 de febrero, de Promoción y Defensa de la Calidad Alimentaria Gallega*”, que dispón:

De la inspección y control

### *Artigo 50. La actuación inspectora*

**1.** La administración autonómica desarrollará actuaciones de control e inspección sobre los productos alimentarios y las materias y elementos para la producción y comercialización alimentarias, en orden a comprobar su adecuación a la normativa vigente en materia de producción y comercialización alimentarias.

**2.** Las actuaciones de inspección tendrán como objetivo preferente el control:

- **a)** De la calidad, idoneidad y publicidad de los productos alimentarios y las materias y elementos para la producción y comercialización.
- **b)** De la lealtad de las transacciones comerciales en materia de producción y comercialización alimentarias.
- **c)** De la identidad y actividad de los operadores.
- **d)** Del adecuado uso de las denominaciones geográficas de calidad y otras figuras de protección de la calidad diferenciada.

**3.** La actuación inspectora se llevará a cabo:

- **a)** En desarrollo de planes anuales de inspección.
- **b)** En desarrollo de estrategias para fomentar la calidad dentro del sector alimentario.
- **c)** Con motivo de denuncia, reclamación o queja.
- **d)** A iniciativa propia del personal inspector.

**CSIF Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)

## Alegacións da CSIF á proposta de RPT da Consellería do Medio Rural

Maio 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

### Artículo 51 Del ámbito

19

**1.** La consejería competente en materia de agricultura de la Xunta de Galicia velará por el cumplimiento de la legislación en materia de calidad y conformidad de la producción y comercialización alimentarias en todas las fases de producción, transformación y comercialización, sin perjuicio de lo que establezca la normativa específica en materia de disciplina de mercado y de defensa de consumidores y usuarios.

